

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DE ABRIL DE 2022**

**EXPEDIENTE GD: 3824/2022**

### ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (Pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

**Primeiro.** Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves 28 de abril de 2022, no Salón de Plenos do Concello, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa seguinte orde do día.

### ORDE DO DÍA:

#### A) PARA DAR CONTA:

**Punto primeiro.** Dar conta ao pleno da corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

#### B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

**Punto segundo.** Aprobación, se procede, de actas anteriores (sesión ordinaria de 31.03.2022, sesión extraordinaria de 07.04.2022).

**Punto terceiro.** Revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público do Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames.

**Punto cuarto.** Modificación do plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames. Período 2020-2022.

**Punto quinto.** Revisión de prezos do contrato de concesión da limpeza viaria e xestión do punto limpo do Concello de Ames adxudicado á empresa Urbaser SA.

**Punto sexto.** Aprobación do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Ames, e a UTE "XG-807", para a implantación dun servizo de interese municipal (SIMU) no Concello de Ames.

**Punto sétimo.** Aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, solares e parcelas en solo urbano, núcleo rural e urbanizable delimitado ou con instrumento de planeamento aprobado definitivamente, e da conservación dos peches vexetais.

**Punto oitavo.** Modificación puntual do Acordo regulador polo que se establece a mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social nas situacións de incapacidade temporal dos/as empregados/as do concello de Ames.

**Punto noveno.** Aprobación inicial do regulamento do Consello sectorial da cultura do Concello de Ames.

**Punto décimo.** Aprobación inicial do regulamento de condicións de prestación do Servizo de Atención Temperá dos concellos de Teo e Ames.



**Punto décimo primeiro.** Proposición para a aprobación da declaración institucional de loita contra a fraude.

**C) MOCIÓNS:**

**D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

**Punto décimo segundo.** Rogos e preguntas.

**Segundo.** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria. Non obstante, a documentación será remitida vía telemática os señores concelleiros/as xunto coa convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario acumulado

Resolución da DXAL de 08.03.2022

Dalmiro Núñez Méndez

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C378C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
41CBC28A90F77318E4A9280D91A4A00A53099E8

POSTO DE TRABAJO:  
Alcalde  
Secretario

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2FE33379668C40A7429D

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
NUNEZ MENDEZ, DALMIRO

